

:: BIODIVERSIDADE

Moitos seres vivos foráneos invaden os nosos ecosistemas e poñen en perigo a supervivencia das nosas especies. As asociacións ecoloxistas apoian a erradicación destes organismos invasores e demandan máis información e concienciación ambiental

O exotismo convértese en ameaza

VANESSA MUNIN FERRO

A choiva, os montes, a variedade de clima, de rochas e de chan favorecen que Galicia posúa unha gran biodiversidade, podendo encontrar así moitas especies autóctonas e tamén endémicas, é dicir, únicas do territorio galego.

Actualmente, a biodiversidade galega estase vendo afectada polo asentamento humano, as grandes infraestruturas, os incendios, e os parques eólicos. Pero ademais está sendo ameazada pola presenza de especies exóticas invasoras, que sendo propias doutros ecosistemas, adaptáanse ó hábitat galego e corripiten pola súa supervivencia cos seres vivos autóctonos.

Son varias as asociacións ecoloxistas galegas que piden a erradicación destas especies cando ameazan seriamente outros seres vivos autóctonos, e que as administra-




Os endemismos perigan coas especies invasoras

cións realicen un protocolo riguroso de seguimento, control e prevención.

Verdegaia, unha destas asociacións, céntrase na situación de Santiago de Compostela, aínda que é similar en toda Galicia. O secretario de Verdegaia, Xosé María García afirma que estes seres vivos invasores son a principal causa da perda de biodiversidade en toda a comunidade, ocupando o espazo natural das especies galegas e chegando incluso a provocar que as endémicas desaparezan.

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible conta cunha listaxe destas especies a nivel galego, pero Verdegaia pide máis especificidade territorial, e anima o concello a que realice un inventario de todos os grupos exóticos invasores existentes no municipio, como xa posúe, por exemplo, Ferrol. Este informe sería un primeiro paso básico para contar coa adecuada información sobre as especies invasoras, os lugares nos que as podemos atopar, a súa maneira de introdución nos ecosistemas galegos, o seu impacto neles e como manexalas para que non provoquen a extinción dos poboadores autóctonos. Chegaríase así a unha axei-tada política preventiva.

A unlla de gato, moi habitual no litoral, nos desmontes e nas dunas e a chamada herba da Pampa, que é doado de encontrar nas medianas das autopistas, son algúns dos exemplos máis comúns de plantas exóticas invasoras que ocupan os espazos verdes de Galicia.



Seis das especies exóticas coe xa están implantadas en numerosos ecosistemas galegos, prexudicando a flora e a fauna autóctona

O DATO |||||

Algúns intrusos moi comúns

A unlla de gato, a herba da Pampa e o visón americano son só algunhas das especies exóticas invasoras máis habituais nos ecosistemas galegos.

Tamén é frecuente a presenza do cangrexo americano nos ríos galegos, ameazando moi seriamente a supervivencia do autóctono de Galicia, o cangrexo europeo.

A tartaruga de Florida adaptase moi ben ó hábitat galego polo que é máis común atopar un destes exemplares nas augas galegas que do sapoconche europeo.

É moi doado ver nas paisaxes galegas a mimosa, que moitos galegos consideran autóctona e que é en realidade unha especie invasora das máis agresivas no noso ecosistema.

Todos eles son seres vivos que, sen ser propios do noso ecosistema, se adaptaron a el.

Xosé María García asegura que os galegos non estamos concienciados ecoloxicamente. "Todos din estar moi sensibilizados pero na práctica ninguén o leva a cabo". Ademais, os galegos teñen pouco coñecemento das especies invasoras, xa que consideran moitos animais e plantas autóctonas cando non o son. É o caso da mimosa, tan común nos montes galegos.

Pola súa parte, Adegga (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia) tamén apoia a erradicación das especies exóticas invasoras. Leváronlle en diversas ocasións propostas á Consellería para que, sobre todo nos espazos naturais protexi-

Os galegos non coñecen o efecto destas seres vivos

dos, se eliminen as especies exóticas que actúen de maneira prexudicial. Un exemplo de que isto non se cumpre é o Parque natural das Dunas de Corrubedo, onde a pesar de ser un espazo protexido, segue medrando a herba da Pampa.

O visón americano é unha especie invasora moito máis prolífica que o europeo. É un animal omní-

voro, polo que ademais de alterar a presenza de animais da súa especie, tamén altera outros niveis da cadea alimentaria.

Só cando xa a especie invadiu os ecosistemas se poden ver os danos, polo que para Adegga a mellor solución sería unha axei-tada política de prevención, coincidindo así con Verdegaia. O que se debería facer entón, para evitar a invasión destas especies é un traballo serio de mostraxe e de identificación da dimensión da presenza que cada especie ten en cada ecosistema. E para que todo isto fose efectivo, habería que engadir unha adecuada educación ambiental. A desinformación provoca que moitos galegos "con boa intención", segundo un dos biólogos de Adegga, liberen estas especies; por exemplo, soltan as tartarugas de Florida nos ríos para darlle unha segunda oportunidade, sen saber que poñen en perigo a supervivencia dos autóctonos.

Unha especie que pode chegar a prexudicar moito Galicia é o mexillón cebra, presente no Ebro, que en moi pouco tempo chegou á costa cantábrica e que está a piques de alcanzar as costas galegas. Diante disto a Administración "está facendo ben pouco", na opinión do biólogo de Adegga.

Pola súa parte dende a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible estase a preparar un Plan galego de especies exóticas invasoras. Este Plan estase elaborando a partir dunha análise previa ou coñecemento real do problema, baseándose nos principios xerárquicos de prevención, de

É necesaria unha axei-tada política preventiva

detención temperá e resposta rápida de erradicación, e por último, minimización do impacto mediante a contención e o control. Tamén se engade o seguimento e a extracción da situación destas seres vivos nos ecosistemas, unha axei-tada política preventiva e coñecemento e concienciación ambiental por parte dos galegos. ●